XUNTA DE GALICIA | IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO

Cofinanciado por la Unión Europea

Instituto Rosalía de Castro

CONVOCATORIA E BASES PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DE MOBILIDADE DENTRO DO PROXECTO KA-121 SCH 2025 e 2026

Prezado profesorado:

Gustaríanos contar coa vosa participación. Pretendemos facer unha selección das actividades de mobilidade que poderemos levar a cabo dentro do novo proxecto KA 121 SCH para este curso 2026/2027.
Ao contar coa Acreditación no sector de Educación Escolar, a KA-120 SCH, todos os cursos podemos realizar diferentes actividades para favorecer a mobilidade tanto do persoal do noso centro como do noso alumnado.
As actividades concedidas este ano, e que poderemos realizar, son as seguintes:

Para o alumnado:

3 mobilidades en grupo de alumnado escolar (grupos de 10 persoas): un grupo de alumnado do noso centro pode realizar unha estancia de aprendizaxe xunto con outro alumnado no estranxeiro. Dende o noso centro debemos deseñar as actividades de aprendizaxe en colaboración cun centro asociado do país de acollida. Durante toda a actividade, o alumnado debe estar acompañado polo profesorado do centro escolar de envío, e deberán orientar o seu proceso de aprendizaxe (modelo de solicitude aquí). Enviar á dirección erasmusiesrosalia@iesrosaliadecastro.org

6 mobilidades para a aprendizaxe de longa duración de alumnado escolar (30-32 días por mobilidade): o alumnado pode realizar unha estancia no estranxeiro para estudar nun centro escolar asociado ou realizar un período de formación práctica noutra organización pertinente. Debe definirse un programa de aprendizaxe individual para cada participante. Todas as persoas participantes recibirán unha formación obrigatoria previa á partida (bastará cumplimentar o formulario).

Para o persoal:

3 mobilidades de aprendizaxe por observación (5 días e 2 de viaxe): as persoas participantes poden pasar un período de tempo nunha organización de acollida doutro país co obxectivo de aprender novas prácticas e recompilar novas ideas mediante a observación e a interacción con persoas homólogas, expertos/as ou outros/as profesionais no seu traballo diario (modelo de solicitude aquí). Enviar á dirección erasmusiesrosalia@iesrosaliadecastro.org

Outras actividades:

1 persoa experta invitada: os centros escolares poden invitar a persoas formadoras, profesorado, persoas expertas en políticas ou outros/as profesionais cualificados/as procedentes do estranxeiro que poidan axudar á mellora do ensino e do aprendizaxe no noso centro. Por exemplo, poden impartir formación ao personal do centro, mostrar novos métodos de ensino ou axudar coa transferencia de boas prácticas na organización e xestión (bastará cumplimentar o formulario).

Premede aquí para acceder ao formulario de solicitude e aquí para consultar as bases.

Dende a coordinación Erasmus convidámosvos e animámosvos a que participedes nesta experiencia tan enriquecedora.

Unha aperta.